

Consello de Contas
de Galicia



DECLARACIÓN DEFINITIVA
SOBRE A CONTA XERAL
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
EXERCICIO 2013

DECLARACIÓN DEFINITIVA

Consonte ao artigo 25 da Lei 6/1985, corresponde ao Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ditando a Declaración definitiva que esta lle mereza e elevándoa ao Parlamento. O obxectivo desta Declaración é expresar unha opinión sobre a representatividade xeral dos estados contables incluídos na Conta Xeral da Comunidade.

No exercicio 2013, o Consello de Contas fiscalizou de xeito específico a Conta da Administración Xeral e a do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e realizou un informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas.

Considerando o resultado obtido no exame realizado, o Pleno do Consello de Contas DECLARA: que a Conta Xeral da Comunidade Autónoma reflicte razoablemente a actividade económico-financeira desenvolvida no exercicio 2013, presentando deficiencias na contabilidade patrimonial e estando afectada a súa representatividade polas excepcións e limitacións sinaladas nos respectivos informes de fiscalización e que, con carácter xeral e de xeito sucinto, xunto con outra información relevante dos mesmos, se poñen de manifesto a continuación:

Ámbito da Conta Xeral, rendición de contas e control

1. A Intervención Xeral rendeu en prazo a Conta Xeral do exercicio 2013, que ademais da conta da Administración xeral inclúe as contas de 10 organismos autónomos, 2 entidades de consulta e asesoramento, 13 axencias públicas, 3 entidades públicas empresariais, 19 sociedades mercantís autonómicas, 23 fundacións públicas e 10 consorcios.

A rendición de contas (como tamén a lei de orzamentos para 2013) incorpora a clasificación destas entidades establecida na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), que recolle unha nova regulación destas entidades distinta da establecida no artigo 118 do TRLRFOG cando define o ámbito subxectivo da conta xeral da Comunidade Autónoma.

Faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia **unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable**, que inclúa a adaptación da normativa orzamentaria á clasificación de entidades desa lei

Declaración definitiva. Ejercicio 2013

(LOFAXGA), así como aspectos básicos da formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, da integración na mesma das distintas entidades públicas e do seu réxime de control, e aborde unha anticipación na rendición da Conta Xeral a este órgano de control, que, seguindo a práctica máis común doutras comunidades autónomas, fose antes do 30 de xuño do exercicio seguinte.

2. Tódolos organismos autónomos, entidades de dereito público e axencias (con actividade) cumpriron coa obriga de rendición de contas en prazo. Pola contra, un consorcio rende contas fóra de prazo, e 34 entidades (10 sociedades públicas, 15 fundacións públicas e 9 consorcios) **non renderon** contas no exercicio 2013.

Seguen sen incorporarse ao sistema público sanitario galego e sen render contas ao Consello as fundacións para a investigación vinculadas aos centros hospitalarios do SERGAS.

3. Co avance producido nos últimos exercicios, no exercicio 2013 a **Conta Xeral integra a práctica totalidade das entidades controladas** pola Administración autonómica. Das 118 entidades que figuran a 31.12.2013 no inventario do Ministerio de Hacienda como entes dependentes da CA de Galicia, 80 entidades aparecen incluídas na Conta Xeral rendida do exercicio 2013. As entidades integradas na Conta Xeral da Comunidade Autónoma son, ademais da Administración xeral da Comunidade Autónoma, as seguintes:

Entidades integradas na Conta xeral do exercicio 2013

Entidades do sector público autonómico	OO AA administrativos	Entidades de consulta	Axencias públicas	Entidades P. empresariais	Sociedades mercantís	Fundacións do sector público	Consorcios autonómicos	Total
Incluídas na Conta Xeral	10	2	13	3	19	23	10	80
Total entidades Inventario	10	2	14	3	29	38	18	114*

Fonte: Elaboración a partir dos datos da memoria da Conta Xeral da Comunidade Autónoma 2013 e do Inventario de entidades presentado polo Ministerio de Hacienda

*As 118 entidades que figuran no inventario do Ministerio de Hacienda inclúen a Administración xeral e as tres universidades galegas, así como distintas entidades dependentes destas últimas. Non considerando esas Administracións matrices, o número de entidades sería de 114. Por outro lado, un consorcio aparece integrado na Conta Xeral sen estar inventariado.

4. No exercicio 2013 a memoria da Conta Xeral presenta **información limitada sobre os estados consolidados** tanto desde o punto de vista cualitativo como no número de entidades afectadas, aínda tendo mellorado nos últimos dous anos coa incorporación das axencias. Estes estados preséntanse respecto da Administración xeral, organismos autónomos, entidades

instrumentais de consulta e asesoramento (a efectos orzamentarios, considerados OOAA) e axencias públicas. Non hai estados agregados da execución que inclúan ás entidades públicas empresariais, sociedades, fundacións e consorcios, o que impide ofrecer unha visión global da actividade económica da Administración e incrementa a fragmentación da información financeira. Desde o punto de vista cualitativo, a información segue estando limitada á liquidación orzamentaria a nivel de capítulo, un estado do resultado orzamentario e un remanente de tesourería.

5. As contas da Administración xeral, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e os consorcios presentáronse de acordo co Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado no ano 2001, que segue, non obstante, **pendente dunha actualización** ao novo plan xeral aprobado no ano 2010. En calquera caso, como consecuencia de que o sistema contable da Administración xeral da Xunta é basicamente orzamentario, a elaboración da documentación de carácter económico-patrimonial a partir do mesmo segue presentando deficiencias relevantes, reiteradamente sinaladas nos últimos informes de fiscalización. O SERGAS segue sen implantar e elaborar este tipo de información.

6. As sociedades mercantís e unha entidade pública empresarial (CRTVG) forman as súas contas de acordo cos principios contables e normas de valoración do Plan Xeral de Contabilidade da empresa; e as outras dúas entidades públicas empresariais, Augas de Galicia e Portos de Galicia, de acordo cos principios da contabilidade pública, a última con algunha adaptación ao plan privado. As fundacións públicas, en xeral, aplican a adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos. Un marco normativo heteroxéneo como o descrito (diferentes plans, distintos medios de rendición, incoherencia en ocasións entre a forma xurídica mercantil e a natureza administrativa dalgunhas entidades) **esixiría a elaboración de instrucións contables** pola Intervención Xeral que clarifiquen o réxime aplicable a cada entidade, realicen adaptacións dos plans ás entidades cando sexa necesario, normalicen os formatos de rendición e, sobre todo, detallen o contido das memorias, esixindo información adicional á que prevé a normativa privada.

7. A memoria da Conta Xeral presenta unha **información desestruturada e insuficiente**, o que dificulta o cumprimento da súa función básica de completar, ampliar e comentar o resto de estados contables, limitando así a transmisión da información contable aos seus usuarios. Ademais, a revisión das contas das distintas entidades pon de manifesto importantes carencias

nas memorias elaboradas, especialmente nos organismos autónomos e, en menor medida, nas fundacións e sociedades mercantís. Nestas últimas non existe información de carácter orzamentario que permita coñecer o grao de cumprimento dos orzamentos de explotación e de capital aprobados polo Parlamento. Nos exercicios 2012 e 2013 obsérvase unha mellora das memorias elaboradas polas axencias públicas.

No exercicio 2013 persisten, así mesmo, a pesar das melloras introducidas, carencias na definición dos programas de gasto e na concreción dos obxectivos, así como na definición de indicadores orientados á avaliación dos resultados.

8. O control interno da actividade económico-financeira está atribuído á Intervención Xeral, que o exerce respecto da Administración xeral mediante a función interventora (fiscalización previa) e respecto dos organismos e entidades do sector institucional mediante o control financeiro nas súas distintas modalidades (ordinario ou permanente).

- ♦ As actuais esixencias derivadas da necesidade dun maior rigor no gasto e na información contable do mesmo aconsellan unha intensificación do control interno coa extensión da función interventora ás distintas entidades públicas (organismos autónomos e axencias) do sector institucional. O réxime de control previsto para as novas axencias, que asumen parcelas de xestión ata agora en mans de órganos administrativos, non vai nesta dirección.
- ♦ De forma particular, no ámbito do SERGAS a substitución da fiscalización previa polo control financeiro permanente, co actual enfoque orientado á análise de procedementos en áreas específicas de gasto, non suple os controis anteriores (esixencia de convalidación do gasto desprazado polo Consello da Xunta), dificultando a cuantificación do gasto real de cada exercicio. A limitada capacidade deste control financeiro permanente para dar cumprimento aos seus obxectivos ten como resultado unha redución do control sobre a actividade do organismo respecto da modalidade a que substitúe.
- ♦ No ámbito das sociedades públicas, o control, tamén centrado basicamente en aspectos de legalidade, parece esixir que se complete con revisións orientadas cara a criterios económicos, que aborden a capacidade ou necesidade de financiamento, o seu endebedamento comercial e os riscos que afecten a sustentabilidade financeira, así como priorizar as auditorías operativas orientadas a verificar o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos e a boa aplicación dos fondos asignados.

- ♦ Cómpre ampliar o perímetro de control da Intervención Xeral aos fondos de capital risco e ás entidades públicas nas que a participación da Xunta non é superior ao 50% pero nas que é o socio público maioritario.
- ♦ Os controis contratados directamente polas propias entidades instrumentais esixen unha maior presenza da Intervención Xeral no seguimento dos resultados. No exercicio 2013, dúas entidades públicas empresariais, 8 axencias, 16 sociedades mercantís, 14 fundacións públicas e 2 consorcios unen ás súas contas o correspondente informe de auditoría; delas, en 7 entidades cunha opinión favorable con salvidades.

As principais salvidades e observacións refírense a incertezas sobre a continuidade da actividade (cinco entidades), aos efectos económicos nas contas de litixios pendentes de resolver (seis entidades), e salvidades relativas ao inventario e á valoración de bens.

Liquidación orzamentaria e magnitudes relevantes

Execución orzamentaria

9. O estado de liquidación do orzamento consolidado que se presenta na memoria da Conta Xeral comprende a liquidación do orzamento de gastos (clasificada por capítulos), a liquidación do orzamento de ingresos (por capítulos) e o resultado orzamentario. Segundo a información contida no devandito documento, os créditos iniciais consolidados ascenderon a 9.479 millóns de euros e as obrigacións recoñecidas netas a 9.778 millóns, sendo significativos os menores gastos sobre os inicialmente previstos nas operacións de capital.

Pola súa banda, as previsións iniciais de ingresos consolidados que figuran nos devanditos estados ascenden a 9.479 millóns e os dereitos recoñecidos netos consolidados a 10.014 millóns. A diferenza total entre os dereitos recoñecidos e as previsións iniciais (535 millóns de euros), que figura no estado de liquidación, é representativa dunha mellora da execución respecto da presentada no exercicio anterior.

10. As **modificacións dos créditos** iniciais (Administración xeral, OOAA e axencias), ascenden a 1.210 millóns de euros. O importe global das modificacións netas supón un incremento do 12,77% dos créditos iniciais. A comparación interanual das modificacións totais netas reflicte un aumento con respecto ao exercicio anterior de 261 millóns de euros (un 27,42%). Na

Declaración definitiva. Ejercicio 2013

Administración xeral estas modificacións, que afectan ao 12,17% dos orzamentos iniciais, presentan as seguintes incidencias:

- ♦ A Administración segue recorrendo á ampliación de créditos (362,6 millóns de euros) para os mesmos conceptos de gastos que en anos anteriores sen que cumpran a condición de imprevisibilidade esixida para as mesmas, así como ao financiamento daquelas, en contra da normativa aplicable, con cargo aos resultados do exercicio.
- ♦ Segue constatándose un uso excesivo da utilización do programa *621B Imprevistos e funcións non clasificadas* coa finalidade de programa-ponte para realizar transferencias de crédito, permitindo alterar os límites fixados pola normativa que impedirían as transferencias directas entre as aplicacións afectadas; así como para aplicar os sobrantes dos créditos nas distintas consellerías ao financiamento das partidas deficitarias ao longo do exercicio, como no caso do gasto farmacéutico.
- ♦ No exercicio 2013 as incorporacións de crédito alcanzan un importe de 772,55 millóns de euros, sen que se xustifiquen en tódolos casos a non imputación dentro do propio exercicio do crédito a incorporar, e sen que conste a reserva dos recursos que van amparar estas incorporacións, especialmente para financiar os créditos incorporados con cargo a fondos propios libres da Comunidade Autónoma.
- ♦ O fondo de continxencia, lonxe de servir para a atención de gastos imprevistos e non discrecionais, constituíu unha ferramenta para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dunha deficiente orzamentación, por escasamente realista, e que son reiteradamente orzados á baixa para dotalos do crédito necesario ao longo do exercicio, ás veces incluso en base a estimacións e non a necesidades xurdidas.

11. Respecto da **execución do orzamento de ingresos**, segundo o estado de liquidación do orzamento consolidado presentado na Conta Xeral os dereitos recoñecidos netos ascenden a 10.014 millóns de euros. Na Administración xeral os ingresos non financeiros increméntanse nun 1,06%, variando a tendencia de caída dos últimos exercicios. A liquidación presenta un grao de realización do 106,6%, sendo os conceptos de menor execución sobre o inicialmente previsto o ITPAXD e os tributos propios da Comunidade Autónoma.

12. Respecto da **execución do orzamento de gastos**, segundo os estados de liquidación incluídos na memoria da Conta Xeral as obrigas recoñecidas netas consolidadas ascenden a

9.778 millóns de euros. Na liquidación do orzamento de gasto, a representatividade da información da Conta Xeral rendida atópase limitada polos seguintes aspectos:

- ◆ Pola inclusión no capítulo VI dos xuros asociados aos investimentos realizados a través da SPI (Sociedade Pública de Investimentos) e polo rexistro de gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital.
- ◆ Por rexistrar no capítulo VIII como activos financeiros determinadas operacións destinadas a cubrir déficits de explotación de empresas sen que pola Administración quede fundamentada esta decisión.
- ◆ Por diversas deficiencias respecto da regularidade contable e legal, das que se deduce, como consideración máis relevante, que se deixaron de contraer orzamentariamente obrigas que deberon recoñecerse, por corresponder a gastos realizados no exercicio, pospoñéndose a súa contabilización a exercicios posteriores; e, pola contra, por imputar ao mesmo gastos que corresponden a exercicios anteriores. Iso supón o incumprimento do principio de anualidade orzamentaria regulado no artigo 60 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e supón ademais que anualmente parte dos créditos aprobados no exercicio corrente se encontren comprometidos por gastos de anos anteriores.
- ◆ De forma relevante no ámbito do SERGAS, a información que ofrece a liquidación do orzamento vén condicionada pola reiterada asunción de compromisos do exercicio anterior e a xeración de obrigas que non son obxecto de recoñecemento no exercicio.

13. Na execución orzamentaria a interrelación das magnitudes da conta financeira pon de manifesto dificultades na sustentabilidade das contas públicas autonómicas. Nas operacións correntes advírtese unha recuperación do aforro bruto (diferenza entre ingresos correntes e gastos correntes que debía servir para financiar operacións de capital), que pasa desde cotas negativas do exercicio anterior a valores positivos (77 millóns de euros) pero lonxe do previsto nos orzamentos dese exercicio (360 millóns). A evolución desta magnitude obriga a cubrir o financiamento das operacións de capital co recurso ao endebedamento, que experimenta un crecemento relevante neste exercicio 2013.

Resultado orzamentario consolidado

14. O resultado orzamentario consolidado cos organismos autónomos e axencias presentado na Conta Xeral foi de –648,69 millóns de euros. As entidades instrumentais neste exercicio 2013 presentan lixeiros superávits (36 millóns de euros) que contribúen a diminuír o déficit presentado pola Administración neste exercicio.

En calquera caso, estes saldos calcúlanse considerando como ingresos as transferencias internas concedidas a estas entidades pola Administración xeral e, por outra banda, a información sobre este resultado está condicionada polo incompleto sistema de seguimento de gastos con financiamento afectado.

De forma particular, este resultado pode quedar afectado polos casos nos que a Administración non rexistra tódalas obrigas que corresponden ao propio exercicio e se desprazan aos seguintes, que, sen prexuízo do posible efecto neutro que pode deducirse da compensación deste tipo de gasto ao longo do tempo, pode acabar distorsionando ese resultado orzamentario, e afectar negativamente aos orzamentos futuros ao diminuír a capacidade para atender as necesidades previstas no exercicio respectivo debido ás cargas arrastradas de exercicios anteriores.

Estabilidade orzamentaria

15. O resultado do exercicio 2013 en termos de Contabilidade Nacional presenta un déficit (necesidade de financiamento) de 626 millóns de euros, que representa un 1,13% do Produto Interior Bruto (PIB), cumprindo, en consecuencia, o obxectivo de déficit previsto. A IGAE axustou o déficit orzamentario non financeiro de 551 millóns de euros nun importe total de 75 millóns, quedando cuantificada a súa necesidade de financiamento, en termos de Contabilidade Nacional, en 626 millóns de euros.

Non obstante, o informe da Conta Xeral puxo de manifesto algunhas deficiencias na liquidación orzamentaria con incidencia sobre o resultado orzamentario que xa foron consideradas cos pertinentes axustes en Contabilidade Nacional realizados por importes diferentes, sen que, non obstante, supoñan unha maior necesidade de financiamento.

Considérase, por outra banda, que deberían intensificarse os esforzos co fin de alcanzar unha maior aproximación entre os criterios aplicados na contabilidade pública e na contabilidade nacional, e dispor da máxima información sobre os axustes incorporados naquela para obter o resultado en termos do SEC-95.

Situación financeira a curto prazo

16. No exercicio 2013 preséntase un remanente de tesourería consolidado positivo por importe de 196,2 millóns de euros. Esta magnitude positiva informa sobre a suficiencia dos fondos líquidos e os dereitos de cobro para facer fronte ás débedas a curto prazo. En todo caso existen unha serie de factores e limitacións que afectan á cuantificación e interpretación do saldo do remanente:

- ◆ Os saldos de dubidoso cobro atópanse infravalorados.
- ◆ A memoria non informa das desviacións de financiamento negativas acumuladas que non axustan o remanente, pero amosarían en que medida as obrigas recoñecidas terán financiamento nos exercicios seguintes.
- ◆ Unha parte significativa das obrigas pendentes de pagamento (545 millóns) correspóndese coas cantidades debidas a entes e sociedades dependentes. Porén, non existe un remanente consolidado que inclúa a estas entidades e, en particular, aos entes públicos. Estes últimos teñen a obriga de devolver o seu remanente non afectado, polo que a súa consolidación resulta especialmente útil para recoller a verdadeira situación financeira da Administración.
- ◆ As entidades instrumentais presentan unha razoable posición de solvencia a corto. A nivel agregado as axencias teñen elevados remanentes de tesourería positivos que poden poñer de manifesto certas dificultades de xestión para aplicar os fondos que se lles atribúen. A maior parte son dereitos de cobro fronte á Administración.
- ◆ Dentro das sociedades públicas, as sociedades de xestión urbanística presentan unha solvencia a curto prazo comprometida, na medida en que parte do seu activo está materializado en obras en curso e non rematadas cuxa posibilidade de venda e realización está suxeita a incertezas considerables dada a situación económica actual.

Endebedamento e avais

17. Segundo o Banco de España, o endebedamento da Comunidade en termos SEC situábase a 31 de decembro de 2013 nunha contía de 9.131 millóns de euros.

- ◆ A débeda da Administración xeral ascende a esa data a un importe de 8.088 millóns de euros, segundo a Conta de Endebedamento da Comunidade.

- ♦ O resto da débeda consolidable en termos SEC procede fundamentalmente da Sociedade Pública de Investimentos (SPI), con 371 millóns de euros –na que se integrou no exercicio 2011 a débeda da sociedade absorbida ACEOUSA–, e do préstamo imputado en relación coa construción das autovías do Salnés, Barbanza e Santiago-Brión polo método de peaxe en sombra, con 408 millóns.
- ♦ Fóra do perímetro de consolidación do sector Administracións públicas, e polo tanto á marxe da débeda anterior, figura o endebedamento das empresas públicas que se financian maioritariamente con ingresos comerciais. A finais do exercicio 2013 esta débeda ascendía, segundo o Banco de España, a 163 millóns de euros.
- ♦ No exercicio 2013, o incremento do endebedamento da Comunidade Autónoma acadou os 870 millóns de euros (en termos SEC95) –ou 888 millóns de euros (en termos SEC2010)–, que se corresponden coa diferenza entre o novo endebedamento do exercicio e a amortización de débeda existente. Neste exercicio o IGAPE diminuíu o seu endebedamento.

O importe anterior cumpre cos límites cuantitativos establecidos polo Parlamento de Galicia na Lei de orzamentos xerais para o exercicio 2013 e co obxectivo de débeda autorizado polo Goberno do Estado para 2013. Cúmrese tamén o límite establecido na Lei orgánica de financiamento das Comunidades Autónomas, en relación coa carga financeira da Administración xeral, toda vez que esta supuxo un 17,8% dos ingresos correntes liquidados do exercicio –7,4 puntos porcentuais máis que no exercicio anterior–, dentro do límite do 25% establecido no artigo 14 da LOFCA.

18. O importe dos **avais** concedidos e non cancelados polo IGAPE a 31 de decembro de 2013 ascende a 196,3 millóns de euros, cun importe total comprometido de 194,1 millóns de euros. O risco vivo a 31 de decembro de 2013 ascende á cantidade de 157,3 millóns de euros, polo que se produce unha redución significativa do mesmo do 18,7% con respecto ao exercicio anterior.

O importe dos falidos do exercicio 2013 ascendeu a un importe de 9.760.840,27 euros, o que eleva os pagamentos realizados pola Xunta de Galicia en concepto de avais falidos desde o exercicio 1994 a un montante de 77,7 millóns de euros.

19. No exercicio 2007 o IGAPE iniciou un programa de concesión de **préstamos** a longo prazo a PEMES financiado mediante endebedamento propio. O volume de concesión destes préstamos experimentou un importante incremento ata o ano 2011 (de 20,6 millóns de euros no exercicio 2008 a 108,4 millóns no 2011) e un cambio de tendencia no ano 2012, ao diminuír o montante

de préstamos concedidos pendentes de recuperación a 82,1 millóns de euros (unha minoración dun 24,6% nun exercicio). Esta tendencia continúa no exercicio 2013, ao reducirse o saldo de créditos pendentes a 69 millóns de euros. A situación económica pode afectar considerablemente a recuperabilidade dos importes concedidos.

Dada a situación de deterioro do contorno económico, o IGAPE procede á dotación anual das correspondentes provisións por posibles insolvencias en relación co risco asociado á citada carteira de préstamos concedidos. No exercicio 2013, as provisións dotadas acadan un importe de 33,65 millóns de euros, o que supón un incremento con respecto ao exercicio anterior dun 17,1%.

20. A Xunta participa en sociedades (Sodiga) e **fondos de capital risco** (Emprende, Adiante...) cuxo obxecto é a toma de participación temporal no capital e a concesión de préstamos a empresas non cotizadas. A finais do 2013, o capital achegado a estes instrumentos ascendía a 226,6 millóns de euros. As perdas acumuladas por insolvencias e deterioro de investimentos nesta data eran de 144,7 millóns de euros. A situación económica pode empeorar a situación descrita elevando as perdas.

Compromisos futuros

21. Os compromisos de gastos futuros da Administración xeral acadaron no exercicio 2013 un importe de 12.258,07 millóns de euros, o que supón un ascenso de 2.259,68 millóns respecto do exercicio anterior, debido fundamentalmente ao incremento do capítulo de transferencias correntes e da carga da débeda.

Os compromisos futuros encóntranse infravalorados pola infraestimación dos compromisos coa empresa AUDASA pola supresión da peaxe, xa que de novo as previsións resultaron ser inferiores ao gasto realmente producido. Como en exercicios anteriores, non se aplicaron criterios homoxéneos de rexistro na estimación dos compromisos futuros correspondentes ás autovías construídas polo sistema de peaxe na sombra. Ademais, as anualidades nas que se rexistran os compromisos seguen sen corresponderse coa duración dos contratos.

Estados Financeiros

22. Neste epígrafe mantéñense as carencias xa advertidas en exercicios anteriores como consecuencia de que o sistema contable da Administración xeral da Xunta é basicamente

orzamentario, e este serve de base para elaborar a documentación de carácter económico-patrimonial.

- O balance recolle un inmovilizado material que non concorda co inventario, e sobre o que se practican unhas amortizacións que non reflicten a depreciación real; un inmovilizado inmaterial que non ten esa natureza; un inmovilizado financeiro que non se corresponde co reflectido no inventario patrimonial; e uns fondos propios que non funcionan segundo prevé o PXCPG. O epígrafe de acredores do balance non ten rexistrado a débeda contraída coa Administración do Estado como consecuencia das liquidacións negativas do sistema de financiamento correspondentes aos exercicios 2008 e 2009, e que a 31.12.2013 ascende a 1.648,63 millóns de euros.
- A conta do resultado económico-patrimonial recolle os resultados das operacións desde esa perspectiva basicamente orzamentaria e non económico-patrimonial, deixando de rexistrar a maior parte das operacións que teñen transcendencia financeira pero non orzamentaria, excepto as amortizacións, que ademais se contabilizan de xeito incorrecto.
- A memoria segue a presentar unha información desestruturada e insuficiente, o que dificulta o cumprimento da súa función básica de completar, ampliar e comentar o resto de estados contables, limitando a transmisión da información contable aos seus usuarios.

Anexo I : Entidades incluídas na Conta Xeral

Organismos autónomos

Escola Galega de Administración Pública
Instituto Galego de Estatística
Servizo Galego de Saúde
Academia Galega de Seguridade Pública
Instituto Galego de Consumo
Consello Galego da Competencia
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
Instituto de Estudos do Territorio
Instituto Galego da Vivenda e Solo
Fondo Galego de Garantía Agraria

Axencias

Axencia Galega de Industrias Culturais
Axencia Galega de Infraestruturas
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
Axencia Galega de Innovación
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable (CIXTEC)
Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia
Instituto Galego de Calidade Alimentaria
Axencia Galega de Emerxencias
Axencia Tributaria de Galicia
Axencia de Turismo de Galicia

Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento

Consello Económico e Social
Consello Galego de Relacións Laborais

Entidades públicas empresariais

*Compañía de Radio Televisión de Galicia e Sociedades
Portos de Galicia*
Augas de Galicia

Sociedades públicas

Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia S.A. (TURGALICIA)
SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.
Xestión Urbanística da Coruña, S.A.
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.
Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA)
S.A. Xestión Centro Supercomputación de Galicia (CESGA)
Galicia Calidade, S.A.
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo
Galería Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. (RETEGAL)
Televisión de Galicia, S.A.
Xenética Fontao, S.A.
Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

Fundacións

Instituto Galego de Oftalmoloxía
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061
Fundación Pública Cidade da Cultura
Fundación Pública Centro de Transfusións de Galicia
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
Fundación Deporte Galego
Fundación Exposicións e Congresos da Estrada
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne
Fundación Roí Codina
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia
Fundación Axencia Humanitaria de Galicia
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense
Fundación Instituto Feiral de Vigo
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas
Fundación Semana Verde de Galicia
Fundación Galicia Europa
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
Fundación Illa de San Simón
Fundación Instituto Feiral da Coruña

*Fundación USC deportiva
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar*

Consortios

*Consortio centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
Consortio para o Servizo Contra Incendios e Salvamento da Comarca da Limia
Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia
Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia
Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística
Consortio Provincial de Pontevedra para o Servizo Contra Incendios e Salvamento
Consortios para o Servizo Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras
Consortio Casco Vello de Vigo
Consortio para a xestión e explotación da rede de abastecemento de augas aos concellos de
Cervo e Burela*

Consello de Contas
de Galicia



DILIXENCIA:

Para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia na súa sesión do día 16 de xuño de 2015.

Santiago de Compostela, a 16 de xuño de 2015.

O Secretario Xeral,


Consello de Contas de Galicia
SECRETARIO XERAL

Asdo.: Juan Manuel Rodríguez Rodríguez.